

BASES: IX TROFEO DE PADEL CONCELLO DE VIGO CELTAMOTOR

Condições xerais

1. O torneo celebrarase do 01 de xullo o 9 de xullo de 2023.
2. A dispoñibilidade de horario mínima por parte dos participantes para o comezo do partido será de luns a venres de 20:00h a 22:00h e sábados e domingos todo o día.
3. O lugar de celebración do torneo será o "Complexo de pádel municipal Maisqueauga Navia" o cadro principal e "complexo de pádel municipal Maisqueauga Barreiro". O cadro de consolación. Podendo a organización poñer algún partido do cadro principal en Barreiro ou da consolación en Navia para o bo desenvolvemento do campionato.
4. A inscrición terá un custo de 18,00€ por participante. A segunda inscrición terá un custo de 14,00€.
5. O seguro de accidentes terá un custo de 4,00€ o cual será obrigatorio. En caso de participar en varias categorías non se pagará máis que un seguro.
6. As primeiras categorías feminina e masculina serán federadas o resto de categorías serán non federadas.
7. Todas as categorías se rexerán polo regulamento da FGP.
8. O torneo consistirá nun cadro eliminatoria e unha consolación para tódolos perdedores no primeiro encontro.
9. O torneo contará con probas masculinas (1ª federada oro, 2ª, 3ª, 4ª e iniciación), feminina, (1ª federada oro, 2ª, 3ª, 4ª e iniciación), mixta, (2ª, 3ª, 4ª e iniciación). Podendo estar anotado **o mesmo xogador nun máximo de 2 probas.**
10. **Teremos unha proba para nenos cunha normativa diferente a do resto dos cadros. xogarase o sábado día 1 de xuño nas instalacións de Barreiro, as categorías serán minipadel (de 7 a 11 anos) ou pádel junior (de 12 a 17 anos). Os niveis serán asinados según o varemo utilizado en maisqueauga, por cores. (amarelo, laranxa, verde e azul).**

A inscrición é individual, e gratuita, e xogarase por periodos de tempo de 15 ou 20 minutos según estime a organización.

Xogarase da seguinte forma:
Nivel amarelo: na metade da pista en paralelo contando os puntos de 1 en diante,
Niveis laranxa, verde e azul. A organización formará as parellas, e xogarán sumando os xogos que vaian ganando (sen sets).
A inscrición a esta categoría farase a través do seguinte formulario:
<https://forms.gle/rRLpkVUT4ZZrYGtGA>
11. As categorías de iniciación son exclusivas para alumnos da academia de pádel mais que auga e xogadores que teñen asinado nivel, amarela ou laranxa en máis que auga.
12. Unha vez finalizado o prazo de inscrición, publicaranse na web, www.padeltourplay.com os horarios dos encontros, que podrán ser modificados pola organización do torneo se o estima necesario.
13. Os partidos realizaranse o mellor de 3 set con tie-break en todos eles e con punto de ouro en tódolos xogos. as consolacións xogaranse con Supertiebreak no terceiro set.
14. Se xogará con bolas Drop shot
15. Os partidos realizaranse en tres tipos de pista diferentes; muro cuberta, cristal cuberta e muro descuberta. Sendo as pistas de cristal cubertas as principais.
16. Os cadros serán dun máximo de 64 parellas.
17. Club pádel barreiro posúe unha póliza de responsabilidade Civil que non cubre as lesións deportivas fortuítas derivadas da práctica deportiva e os gastos derivados das mesmas.
18. O campionato de pádel Concello de Vigo posúe unha póliza de accidentes deportivos cumprindo así a normativa vixente.
19. A organización gárdase o dereito de modificar a normativa para o correcto cumprimento da competición.

Inscrición

1. A forma de pago realizarase por anticipado na web no momento da inscrición.
2. Primeira inscrición de 18,00€. Segunda inscrición 14,00€.
3. 4,00€ de seguro de accidentes.
4. A inscrición farase mediante un formulario na web: www.padeltourplay.com
5. O período de inscrición será dende o día 07 de xuño ata o 27 de xuño de 2023.
6. Os cadros se publicarán a partir do día 29 de xuño de 2023

Premios

1. O acto de entrega de premios realizarase a continuación das últimas fináis disputadas.
2. Haberá trofeos e premios para campións e finalistas de tódalas categorías. E trofeos para a consolación.